



## LIBERALISMO E PRIMEIRAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS



*A Liberdade guiando o pobo (Own work Miguu 2016-09-03 CC BY-SA 3.0)*



# ÍNDICE

---

## LIBERALISMO E PRIMEIRAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS

1. O LIBERALISMO.....	1
1.1 Concepto e repercusións do liberalismo.....	1
1.2 Trazos políticos, xurídicos e económicos do liberalismo.....	1
1.3 Tipos de liberalismo.....	2
<i>Exercicios</i> .....	2
2. A INDEPENDENCIA E A REVOLUCIÓN DOS EE.UU.....	3
2.1 Causas e acontecementos relevantes.....	3
2.2 Repercusións políticas.....	4
<i>Exercicios</i> .....	4
3. A REVOLUCIÓN FRANCESA.....	5
3.1 Causas da Revolución.....	5
3.2 Acontecementos destacados.....	6
3.2 Consecuencias da Revolución Francesa.....	8
<i>Exercicios</i> .....	8
SOLUCIÓNS.....	9
Exercicio 1.....	9
Exercicio 2.....	9
Exercicio 3.....	9
Exercicio 4.....	9
Exercicio 5.....	9
Exercicio 6.....	9
Exercicio 7.....	10
Exercicio 8.....	10

## 1. O LIBERALISMO

---

### 1.1 Concepto e repercusións do liberalismo

O liberalismo é unha ideoloxía política e económica que defende esencialmente o desenvolvemento da liberdade individual.

Os principios liberais foron conformándose como ideoloxía desde mediados do século XVII e, tradicionalmente, relaciónanse as súas orixes con Locke e coa Ilustración, para continuar afianzándose durante o século XIX.

Os principios liberais inspiraron, entre outras, as loitas pola independencia das Trece Colonias en América do Norte, a Revolución Francesa e as posteriores revolucións burguesas que afectaron a Europa no século XIX e que trataban de eliminar o sistema do Antigo Réxime.

O grupo social máis importante que deu alento ao liberalismo foi a burguesía. Pola súa vez, o liberalismo desenvolveuse paralelamente a outro gran fenómeno do século XIX: a Revolución Industrial.

Posteriormente, o liberalismo como doutrina continuou evolucionando ao longo do tempo, pero mantén ata hoxe o seu enfoque central na proxección dos dereitos e das liberdades individuais.



*"Estátua da liberdade" (Armando Olivo Martín del Campo CCBY-SA 4.0)*

### 1.2 Trazos políticos, xurídicos e económicos do liberalismo

Os seus trazos políticos, xurídicos e económicos son:

- O **interese individual** por enriba de calquera grupo ou clase.
- A defensa **das liberdades e dos dereitos individuais**, que son considerados inalienables, como a liberdade de opinión e a relixión.
- A **igualdade xurídica** de todas as persoas ante a lei.
- A **soberanía nacional**, pola cal o poder reside no pobo e non no monarca. O exercicio desta soberanía corresponde ás autoridades e institucións elixidas polos cidadáns.
- A **división de poderes** teorizada por Montesquieu: o executivo (Goberno), o lexislativo (Parlamento) e o xudicial (os tribunais).



- A **liberdade de mercado**, sen intervención económica do Estado e segundo as leis da oferta e da demanda.
- A **propiedade individual** garantida por lei como piar para acadar a felicidade e organizar a sociedade.
- O **Estado de dereito**, coa subordinación de todas as persoas e as institucións ás leis vixentes.
- A ordenación do réxime político mediante unha lei fundamental ou **Constitución** que recolle os dereitos e as liberdades mencionados.

### 1.3 Tipos de liberalismo

Dentro do liberalismo atopamos dous modelos no século XIX:

- **Liberalismo doutrinario**, que promove que só teñan dereito á participación política os cidadáns cun certo nivel de cultura ou riqueza a través do sufraxio censatario.
- **Liberalismo democrático**, que promove a participación política de todos os cidadáns maiores de idade a través do sufraxio universal.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

Cal é a diferenza nas tendencias do liberalismo respecto do sufraxio?

### Exercicio 2

Como cres que puido influír o liberalismo na configuración das nosas democracias modernas?

## 2. A INDEPENDENCIA E A REVOLUCIÓN DOS EE.UU.

A Revolución Americana (1775-1783) foi un conflito colonial e a guerra de independencia das Trece Colonias norteamericanas contra o dominio británico.

Supuxo a primeira revolución liberal e a construción dun novo modelo político baseado nos principios liberais que deu lugar á creación dos EE.UU. de América.

### 2.1 Causas e acontecementos relevantes


Dende comezos do século XVII, na costa atlántica de América do Norte asentáronse colonos ingleses. A metrópole, co obxectivo de consolidar o seu poder na zona, accedeu a que tivesen certo grao de autogoberno, pero limitado pola lexislación que lles obrigaba a comerciar obrigatoriamente coa Coroa inglesa. Pouco a pouco foise incrementando o control político e económico, o cal xerou o malestar dos colonos, xa familiarizados co pensamento igualitario da Ilustración, o que provocou que a idea da independencia fose gañando partidarios.

En 1773, na cidade de Boston, tivo lugar o Motín do Té, cando un grupo de colonos guindou ao mar un cargamento de té de tres barcos, como protesta á política fiscal británica. A represión e os enfrontamentos conduciron á guerra entre o exército inglés e o americano, dirixido este último por George Washington.

En 1775 tiveron lugar os primeiros enfrontamentos entre a metrópole e as colonias e, o 4 de xullo de 1776, os representantes das Trece Colonias reunidos en Filadelfia asinaron a **Declaración de independencia**, texto redactado principalmente por Tomas Jefferson e que recollía os principios políticos da Ilustración.

Nese mesmo ano, o 12 de xuño, adoptouse a considerada primeira declaración dos dereitos humanos moderna da historia, a **Declaración de dereitos de Virxinia**, documento que proclamou que todas as persoas teñen dereitos naturais inherentes.

A guerra foi longa e desigual, pero o apoio de España e Francia aos rebeldes internacionalizou o conflito e grazas á súa axuda os americanos venceron a Gran Bretaña e esta recoñeceu a independencia dos EE.UU. en 1783 co Tratado de paz de París.



"13 Colonias" (Original JPEG: Educar Chile CCO CCBY-SA 3.0)



## 2.2 Repercusións políticas

En 1787, os trece Estados decidiron crear como forma de goberno unha república federal na cal os diferentes Estados posuían autonomía para gobernarse a si mesmos, pero acordaron, ao mesmo tempo, ceder competencias a un goberno federal dirixido por un presidente.

A **Constitución dos Estados Unidos** de 1787 estableceu unha división tripartita dos poderes en:

- *Lexislativo*: o Congreso integrado por dúas cámaras: a Cámara dos Representantes e o Senado.
- *Xudicial*: o Tribunal Supremo.
- *Executivo*: un presidente elixido cada catro anos (o primeiro presidente dos EE.UU. foi George Washington).

A influencia da Revolución Americana foi enorme, xa que os EE.UU. foi o primeiro país do mundo onde se estableceu un réxime político baseado nos principios liberais. Converteuse nun modelo a seguir para as revolucións que se desenvolveron na América española e en Europa.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 3

Como se produciu a independencia das Trece Colonias americanas?

### Exercicio 4

Segundo a Constitución de 1787, en que institucións residen os poderes do Estado?

### Exercicio 5

Por que destacou George Washington?

### 3. A REVOLUCIÓN FRANCESA

---

A Revolución Francesa exemplificou a loita do pobo liderado pola burguesía contra o sistema político, económico e social do Antigo Réxime, e tivo como referente palpable para levar á práctica as ideas liberais a anterior independencia das colonias británicas de Norteamérica e o posterior nacemento dun Estado liberal.

A súa relevancia estriba en que supuxo un cambio radical en Francia, que mudou profundamente a súa estrutura social e económica.

#### 3.1 Causas da Revolución

Entre as causas que conduciron a Revolución Francesa figuran as seguintes:

- **Crise da sociedade.** A sociedade francesa seguía organizada en estamentos dende a Idade Media. O clero e a nobreza constituían o estamento privilexiado, donos da maioría das terras e sen a obriga de pagar impostos. O grupo dos non privilexiados estaba constituído maioritariamente por campesiños que xeralmente levaban unha vida miserable, con mala alimentación e ingresos insuficientes ata para o seu propio mantemento vital. A burguesía, tamén integrada no colectivo dos non privilexiados, en continuo ascenso polo seu enriquecemento a través das súas actividades económicas, amosaba un profundo descontento con este sistema que a discriminaba. Ambos uníranse para reclamar cambios polas tensións producidas por unha sociedade desigual e pechada.
- **Crise do Estado.** Francia estaba ao bordo da bancarrota debido aos elevados gastos nas guerras, incluído o apoio á Revolución Americana e o luxo con que se vivía na Corte de Versalles. A organización do Estado estruturábase arredor do monarca, Luís XVI, incapaz de solucionar os problemas. Un mal endémico era que os gastos e a débeda acumulada superaban os ingresos, e facíase necesario impoñer novos impostos para paliar a situación.
- **A ideoloxía ilustrada.** Os filósofos ilustrados como Voltaire, Montesquieu ou Rousseau propugnaron a razón, os dereitos humanos ou a soberanía popular, e as súas ideas foron utilizadas polos pensadores revolucionarios franceses para levar a cabo os seus propósitos.
- **Difícil conxuntura económica.** Sucedéronse anos de malas colleitas que provocaron a alza do prezo do pan e fames que levaron a unha crise de subsistencia que aumentou o descontento popular.

### 3.2 Acontecementos destacados

En 1789, Luís XVI procedeu á convocatoria dos **Estados Xerais**, asemblea de orixe medieval de representantes dos tres estamentos, co obxectivo de aprobar novos impostos. Os representantes do terceiro estamento exixiron que se votase por individuo e non por estamentos, pois así serían maioría numérica e neutralizarían a alianza entre a nobreza e o clero, pero a nobreza e o clero negáronse. Esas reivindicacións foron expresadas a través dos chamados Cadernos de Queixas.



"O día dos azulexos" (Alexandre Debelle CC BY- SA)

Ante a negativa dos privilexiados, os deputados do terceiro Estado abandonaron a asemblea e decidiron formar unha **Asemblea Nacional**, considerada única representación lexitimada da nación, e xuraron non disolverse ata dotar a Francia dunha constitución. Este acontecemento é coñecido como "O xuramento do xogo da pelota" porque ante a imposibilidade de reunirse no salón onde se celebraban os Estados Xerais, fixérono nun antigo frontón. A pesar de que o rei intentou disolvela, os rebeldes continuaron reunidos. Posteriormente, debido a que a tarefa principal era a de redactar unha constitución, mudaron o nome de Asemblea Nacional polo de **Asemblea Constituínte**.

Así mesmo, as masas populares de París mobilizáronse e o pobo amotinouse, as protestas fóronse sucedendo e aumentando ata que o 14 de xullo de 1789 o pobo asaltou a prisión real da Bastilla, símbolo da autoridade do Antigo Réxime, para despois acadar o control da cidade. Este acontecemento da **toma da Bastilla** é de especial relevancia, xa que está considerado como o inicio da Revolución Francesa. No que atinxe ao rural, houbo unha vaga de ira contra as propiedades nobiliarias e o rei finalmente tivo que ceder, a Asemblea continuou co seu traballo e comezou a aprobar novas leis entre as que figuran:

- **A abolición do réxime feudal.** En agosto de 1789 suprimíronse os impostos e os dereitos da nobreza e do clero.
- **Declaración dos dereitos do home e do cidadán.** De novo, en agosto de 1789, estableceuse unha serie de dereitos básicos que se debían respectar, como o de liberdade, igualdade ante a lei ou propiedade individual, que serviron de base para unha nova constitución.
- **Primeira Constitución francesa.** En 1791, seguindo o exemplo da Constitución dos EE.UU., proclamouse a primeira Constitución francesa, que establecía a soberanía nacional, a división de poderes, conservando o rei o executivo e o dereito ao voto. Como forma de goberno implantouse a monarquía constitucional.

O rei opúxose a todas estas medidas liberais, pediu axuda a Austria e Prusia, e a Francia revolucionaria tivo que declararllas a guerra a estes reinos europeos. A vitoria francesa salvou a Revolución e o rei foi encarcerado, acusado de conspirar coas potencias estranxeiras.

A guerra e a crise económica crearon un gran desacougo social e, en 1792, elixiuse por sufraxio universal masculino una nova asemblea denominada a **Convención Nacional**, que aboliu a monarquía e proclamou a **república**.

A Convención Nacional (1792-1794) foi un sistema polo que unha asemblea asumía todos os poderes do Estado e exercíao a través de comités, dentro dela formáronse dous grupos diferentes: os xirondinos, que eran moderados, e os xacobinos, que eran máis radicais e pretenderon terminar con todos os vestixios do Antigo Réxime.

A Convención Nacional condenou a morte o rei Luís XIV e a súa muller María Antonieta, que foron executados na guillotina. Os xacobinos emprenderon unha política de terror a partir de 1793 e Robespierre, o seu líder, convertido no home forte do goberno, levou a cabo unha política de represión violenta, perseguindo a todo aquel que era sospeitoso de contrarrevolucionario. Acosou os inimigos e incluso os colaboradores, creando un clima de terror en que miles de persoas foron executadas na guillotina.

O aumento das execucións e a retirada do apoio prestado polos *sans-culotte*, membros do terceiro Estado e dos sectores máis radicais do pobo de París que levaban pantalóns longos en contraposición aos sectores máis acomodados, que vestían unhas calzas curtas e axustadas (*culottes*), fixeron cambalear a Robespierre, que posteriormente foi procesado pola Convención e guillotinado en xullo de 1794.

Tras o derrocamento de Robespierre, o goberno estivo controlado polos moderados, que limitaron os excesos revolucionarios e o poder executivo pasou a recaer no **Directorio**, formado por cinco membros escollidos polas Cámaras parlamentarias. O Directorio estivo vixente do 1795 ao 1799, cando Napoleón Bonaparte deu un golpe de Estado que permitiría a creación do Consulado, aínda que non se estendería moito, xa que en 1804 autoproclamouse emperador, iniciando así a etapa do **Imperio francés**.



A Right Honorable (sic) Alias a sans culotte (Isaac Cruikshank CCO 1.0)



### 3.2 Consecuencias da Revolución Francesa

- Foi a primeira revolución política burguesa influenciada polo éxito da Revolución Americana que aconteceu en Europa.
- Supuxo a instauración do liberalismo.
- Dotou a Francia dunha nova estrutura da propiedade agrícola.
- Constituíu un novo referente político e ideolóxico e serviu de modelo a outras experiencias revolucionarias burguesas que aconteceron en Europa ao longo do século XIX.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 6

Que motivos explican a Revolución Francesa?

### Exercicio 7

Define *sans-culotte*.

### Exercicio 8

Que cambia en 1789 con respecto ao Antigo Réxime?



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

O liberalismo doutrinario defende o sufraxio censatario, mentres que o liberalismo democrático defende o sufraxio universal.

### Exercicio 2

O liberalismo influíu de xeito significativo na configuración de moitas democracias modernas, promovendo a adopción de constitucións, de dereitos humanos e sistemas de mercado.

### Exercicio 3

A través da Guerra da Independencia, iniciada en 1775 e que enfrontou as colonias, que contaron coa axuda de España e Francia, coa metrópole inglesa, a cal se viu obrigada a asinar a paz e recoñecer a independencia dos EE.UU. en 1783.

### Exercicio 4

- Poder legislativo: Congreso.
- Poder xudicial: Tribunal Supremo.
- Poder executivo: presidente.

### Exercicio 5

Por dirixir o exército americano durante a Guerra da Independencia e por ser o primeiro presidente dos EE.UU.

### Exercicio 6

- As tensións en aumento da sociedade estamental do Antigo Réxime.
- A crise financeira do Estado ao bordo da bancarrota.
- A influencia das ideas ilustradas.
- Sucesión de malas colleitas que agravan aínda máis a situación do campesiñado.



### Exercicio 7

Pertencentes ao terceiro Estado, constitúen os sectores máis radicais do pobo de París e caracterizábanse por vestir pantalóns longos, en contraposición aos sectores máis acomodados que vestían unhas calzas curtas e axustadas denominadas *culottes*.

### Exercicio 8

Prodúcese a abolición do réxime feudal, establécese a Declaración de dereitos do home, que recolle dereitos básicos, como a igualdade ante a lei ou a propiedade individual, e entra en vigor a primeira Constitución francesa, que establece a monarquía constitucional como forma de goberno baseada na soberanía nacional con separación de poderes.